Traballos individuais.	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos de investigación, • ... de análise, • ... de síntese,. • Escolma de textos • Elaboración de informes • Presentacións • Elaboración de caderno de observación

Traballos en grupo	
Traballo na aula	<ul style="list-style-type: none"> • Listas de control • Escalas de estimación • Caderno do alumno/a

10. Para as actitudes

Procedementos	Instrumentos de avaliación
Observación sistemática e rexistro	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionarios • Listas de control • Escalas de estimación verbais ou numéricas, • Caderno do alumno/a

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

O exame de selectividade condicionará a primacía de conceptos e procedementos, ademais nestes niveis de bacharelato detectamos, en xeral actitudes positivas

90% Conceptos e procedementos
10% Actitudes

A parte correspondente a conceptos e procedementos (90 % , 9 puntos) valorarase de acordo o resultado das probas que se fagan o longo da avaliación. Se se fai máis dunha proba a nota será a media aritmética de cada unha delas. Para facer media é necesario sacar un 3 (sobre 10 puntos) en cada proba. Se se obtén menos dun 3 en algún dos exames, é necesario facer a recuperación da avaliación.

A parte correspondente a actitude (10 % , 1 punto) baixará por:

Restaremos 0,1 punto cada falta de puntualidade

Restaremos 0,2 puntos cada falta de atención (incluímos estar facendo outras cousas non relacionadas coa materia que tratamos, charlando, e en xeral no permitir un desenvolvemento normal das clases).

Restaremos 0,2 puntos por non traer os exercicios

Restaremos 1 punto por apercibemento.

Ata un total de 1 puntos

No caso de copiar ou utilizar calquera medio de incrementar a cualificación de xeito irregular cualificarase o apartado de coñecementos cun cero. E o alumno abandonará o aula.

Enténdese de xeito irregular as transmisións de radiofrecuencia , os textos e fórmulas nos móbiles ou mp3.etc e a tradicional chuleta nas súas diferentes variantes.

Este criterio aplicarase para todas as probas de coñecementos das diferentes avaliacións e recuperacións de pendentos

Para os criterios de redondeo, a dificultade estriba cando a nota atópase na metade (4,5; 5,5; 6,5;). O acordo tomado é como sigue si a nota a de actitude é menor o igual a un punto óptase por cualificación en defecto; se está por enriba de un punto, o redondeo será por exceso

No caso de copiar ou utilizar calquera medio de incrementar a cualificación de xeito irregular cualificarase o apartado de coñecementos cun cero. E o alumno abandonará o aula.

Enténdese de xeito irregular as transmisións de radiofrecuencia , os textos e fórmulas nos móbiles ou mp3.etc e a tradicional chuleta nas súas diferentes variantes.

Este criterio aplicarase para todas as probas de coñecementos das diferentes avaliacións e recuperacións de pendentos

PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE MATERIAS

Exercicios de recuperación con exercicios suscitados en probas de selectividade dentro do primeiro mes logo de cada avaliación, excepto na última

En maio, os alumnos con algunha avaliación suspensa, deberán recuperalas, nun exame final con contidos sobre esas avaliacións

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA SETEMBRO

Os alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria deberán superar en setembro unha proba.

Consistirá nun exame sobre toda a materia dada no curso. Para aprobar e necesario sacar unha nota de 5 puntos como mínimo

PLAN EXTRAORDINARIO DE AVALIACIÓN PARA ALUMNOS/AS QUE PERDAN O DEREITO A AVALIACIÓN CONTINUA (Só en Bacharelato)

Deberán superar un exame, que se realizará en maio de toda a materia impartida

MÉTODOS PEDAGÓGICOS

Consiste fundamentalmente na exposición oral dos temas e a resolución de supostos prácticos así como a realización das prácticas modelo para selectividade con axuda do material didáctico do departamento, libros, transparencias, diapositivas equipos de química e reactivos do laboratorio.etc.etc...

As clases impartiranse en Galego

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

(Libro de texto, material inventariable, outro materia especificar)

LIBRO DE TEXTO	Título do libro	Química
	Editorial	BAÍA EDICIÓN
	Autor	Manuela Domínguez Real
	Data autorización	
	ISBN	84-96128-13-X

MATERIAL PARA PRÁCTICAS

1.- Preparación de disolucións: Preparación de disolucións a partir de disolucións concentradas ou de produtos sólidos

Material: Matraz aforado, probeta, pipeta, vaso de precipitados, varilla de vidro, vidro de reloxo, espátula, frasco lavador, contagotas e balanza.

Reactivos: HCl concentrado, NaOH (s).

2.- Estequiometría

Material: Matraz erlenmeyer con tapón furado, tubo de vidro, dúas probetas de 100 ml, vaso de precipitados, noz e pinza, soporte, tubo de goma e balanza.

Reactivos: Disolución HCl 2M, mármole (CaCO_3).

3.-Calorimetría : Determinar calores de disolución.

Material: Calorímetro, probeta, espátula, vidro de reloxo, variña de vidro, vaso de precipitados e balanza.

Reactivos: Hidróxido de sodio , ácido clorhídrico 1 M

4.- Formación dun precipitado e separación por filtración

Material: Probeta, dous vasos de precipitados, variña de vidro, papel de filtro, funil, soporte, aro con noz, funil buchner, matraz kitasato, tapón de goma furado e trompa de baleirado.

Reactivos: Disolucións 0'1 M de ioduro de potasio e de nitrato de chumbo.

5.- Valoración de disolucións

Material: Bureta, soporte, noz, pinza, matraz erlenmeyer funil, pipeta de 10 ml, vaso de precipitados, frasco lavador con auga destilada e contagotas

Reactivos:Disolución de HCl 0'1 M, disolución de NaOH de concentración descoñecida e disolución alcohólica de fenolftaleína.

6.- Construción dunha célula galvánica:

Material: Dous vasos de precipitados pequenos, unha lámina de cobre, unha lámina de cinc, papel de filtro, dúas pintas de cocodilo, dous cables de conexión e un voltímetro de corrente continua.

Reactivos: Disolución de sulfato de cobre (II) 0'1M e disolución de sulfato de cinc 0'1 M.

TEMAS TRANSVERSAIS

Educación vial (movemento, dinámica)

Educación para a saúde (ondas, óptica, nuclear, electromagnetismo)

Educación para a paz (nuclear)

Para a convivencia (traballo diario no aula)

Para A saúde(nuclear)

Non sexista orientada á actuación no aula

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

No bacharelato os alumnos, responden a un perfil mais uniforme que na ESO polo que a actuación individualizada resulta mais ocasional, aínda que sempre se practica a petición do alumno. De calquera modo a forma de actuación remítese á de cursos anteriores

TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

O libro de texto contén en cada tema contén unhas lecturas que serán lidas na aula por un alumno ou alumna e comentadas entre todos

TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Case todos os temas serán apoiados ca proxección dun vídeo educativo que será comentado e servirá de debate como complemento que axudará a comprensión do tema.

Se é posible tamén se utilizará algún programa de ordenador (CD interactivo, páxina de internet, etc)

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Remitíndome á memoria de fin de curso, e tendo en conta que este curso 11/12, temos dous terceiros, considero axeitada a programación pois os resultados son, en cuanto á materia impartida, e porcentaxe de alumnos que superan a materia

5- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN				
CURSO e grupo	Profeso Titular / substituto	% materia impartida	Incumprimentos destacados da programación	Observacións
2ºBAC Q	Cesro Campo	100%	Nada que destacar	90,91% alumnos que superan a materia

En calquera caso, o finalizar o curso, nunca reunión de departamento, analizaremos os resultados e discutiremos os posibles cambios na programación cara o curso seguinte

PROCEDEMENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS DAS MATERIAS QUE ASÍ O PRECISEN (SÓ 2º BAC)

Se algún alumno non cursou a materia de física e química en 1º de BAC, seguirase o procedemento seguinte

A espera do procedemento que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o procedemento de acreditación será:

- Unha proba que consistirá en avaliar os contidos mínimos de 4º de ESO
- Unha entrevista persoal con eles e os seus pais ou titores, comprobando o interese por a materia, explicándolle as dificultades que van atopar, advertíndolles que precisan os coñecementos de física e química de 1º de BAC, valorando os resultados da proba.

A finalidade é a de non descartar de antemán a ningún dos alumnos que teñan interese por a materia.

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

A PRESENTACIÓN DA MATERIA , CON INFORMACIÓN RELATIVA A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA (OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN, PROCEDIMENTOS E MÍNIMOS EXIXIBLES) ESTÁ A DISPOSICIÓN DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA NA WEB DO CENTRO. DESTE FEITO SON INFORMADOS OS ALUMNOS E PAIS NAS RESPECTIVAS GUÍAS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO: 11-12

MATERIA: FÍSICA 2ºBAC (Castelán)

OBXECTIVOS:

1. Utilizar correctamente estratexias de investigación propias das ciencias.
2. Comprender os principais conceptos, leis, modelos e teorías da física
3. Obter unha formación científica básica para xerar interese para desenvolver estudos posteriores mais específicos
4. Recoñecer a importancia dunha boa formación científica para a formación integral das persoas.
5. Comprender a interacción da física coa sociedade
6. Utilizar correctamente a terminoloxía científica

7. Empregar as TIC en tódalas situacións axeitadas para comprender mellor os conceptos.
8. Valorar o carácter dinámico da física e a súa contribución o desenvolvemento do pensamento humano.
9. Realizar experimentos utilizando correctamente o instrumental do laboratorio e responsabilizándose dun tratamento axeitado dos posibles residuos.
10. Coñecer os retos da física e as perspectivas de desenvolvemento.
11. Valorar a contribución de homes e mulleres á esta rama específica das ciencias.
12. Comprender o carácter fundamental da física e o desenvolvemento doutras ciencias.
13. Valorar o carácter cooperativo da ciencia fomentando a iniciativa persoal e o trabalo en equipo

COMPETENCIAS BÁSICAS (SOECSO)

CONTIDOS (Secuenciados e temporalizados)

Nos primeiros compases do curso, repasaremos unha serie de unidades de apoio para asentar coñecementos de matemáticas imprescindibles e lembrar conceptos de física que por as súas especiais características precísanse para comezar cos desenvolvementos temáticos de o currículo de física. Tales temas son:

Contidos Comúns:

1. Utilización de estratexias básicas da actividade científica
2. Búsqueda, selección e comunicación de e información e das conclusións utilizando diferentes recursos e utilizando a terminoloxía axeitada
3. Emprego das TIC como ferramentas de axuda
4. Repercusión dos diferentes achados científicos na sociedade.
5. Recoñecemento da necesidade dun desenvolvemento sustentable. Valoración das consecuencias ambientais da evolución tecnolóxica. Aplicación á realidade galega.

0 Repaso de conceptos de matemáticas e física

1. Repaso de trigonometría
2. Derivación de funcións e interpretación xeométrica da derivada
3. Vectores
4. Integración de funcións
5. Repaso de cinética
6. Repaso de Dinámica.

O resto dos contidos seguindo a miña experiencia obedecen á unha secuenciación diferente á exposta no currículo (DOG 23 Xullo 08)

I Vibracións e ondas

1. Movemento vibratorio armónico simple: elongación, velocidade e aceleración.
2. Dinámica do movemento armónico simple.
3. Enerxía dun oscilador armónico.
4. Aplicación ao péndulo simple e ó resorte elástico.

II Movemento ondulatorio

1. Tipos de ondas.
2. Magnitudes características das ondas. Función de onda armónica unidimensional.
3. Principio de Huygens: reflexión e refracción.
4. Estudio cualitativo dos fenómenos de superposición de ondas: interferencia e difracción;
5. Polarización.
6. Ondas sonoras. Contaminación acústica.

III Óptica.

1. Natureza da luz. Natureza das ondas electromagnéticas. Espectro electromagnético.
2. Propagación da luz: reflexión e refracción. Dispersión lumínica.
3. A aproximación da óptica xeométrica.
4. Dioptrio esférico e dioptrio plano. Espellos e lentes delgadas.
5. Sistemas ópticos: principais aplicacións médicas e tecnolóxicas.

IV Interacción gravitatoria.

1. Revisión dos conceptos básicos da cinemática e da dinámica.
2. Momento dunha forza respecto dun punto.
3. Momento angular: A súa conservación. Forzas centrais.
4. Leis de Kepler.
5. Teoría da gravitación universal.
6. Campo gravitatorio. Intensidade do campo gravitatorio.
7. Campo gravitatorio orixinado por varias masas puntuais: principio de superposición.
8. Forzas conservativas. Enerxía potencial gravitatoria. Potencial gravitatorio.
9. Campo gravitatorio terrestre: intensidade de campo e potencial gravitatorio.
10. Aplicación a satélites e foguetes.

V Interacción electromagnética

1. Lei de Coulomb.
2. Campo creado por un elemento puntual en repouso: interacción eléctrica.
3. Estudio do campo eléctrico: intensidade de campo eléctrico. Principio de

superposición.

4. Potencial eléctrico: relación coa intensidade de campo.

5. Teorema de Gauss. Campo eléctrico creado por un elemento continuo de carga en repouso: esfera, fío e placa

VI Magnetismo e imáns

1. Definición do campo magnético: forza de Lorentz. Aplicacións.

2. Forzas sobre cargas móbiles situadas en campos magnéticos. Forzas magnéticas sobre correntes eléctricas.

3. Campos magnéticos creados por cargas en movemento. Lei de Ampère.

4. Interaccións magnéticas entre correntes paralelas.

5. Inducción electromagnética. Experiencias de Faraday e Henry.

6. Leis de Faraday e Lenz.

7. Producción de correntes alternas.

8. Impacto ambiental da enerxía eléctrica.

VII Ecuacións de Maxwell

VIII Introducción á física moderna

1. Insuficiencia da física clásica.

1. 2.-relatividade de Galileo

2. 3.-O éter e o interferómetro

3. Postulados da relatividade especial

4. Transformacións de Lorentz

5. Simultaneidade de sucesos , dilatación do tempo e contracción de lonxitude

6. A masa e enerxía relativistas

7. Introducción á relatividade xeral

IX Mecánica Cuántica

1. O Corpo Negro
2. A catástrofe do ultravioleta
3. Lei de Planck. Efecto fotoeléctrico.
4. Dualidade onda-corpúsculo. Principio de incerteza
5. Cuantización da enerxía. Niveis enerxéticos.

X. Física nuclear e de partículas

1. Composición e estabilidade núcleos. Radioactividade.
2. Reaccións nucleares. Fisión e fusión nuclear.
3. Usos da enerxía nuclear.
4. Partículas elementais: quarks e leptones

CONTIDOS MÍNIMOS

Tendo en conta as especiais características do curso, as PAU determinan a existencia da coincidencia cos criterios de avaliación, salvo algunha excepción. En calquera caso os transcribo con lixeiras modificacións. Os contidos mínimos pasan por:

- * Utilizar os procedementos apropiados na resolución de problemas de tipo físico.
- * Interpretar os resultados obtidos e expresalos empregando as unidades e número de cifras significativas adecuados.
- * Comprender e aplicar as leis de Kepler para calcular diversos parámetros relacionados con movemento dos planetas. Utilizar a lei da gravitación universal para determinar características gravitacionais da Terra e dalgúns corpos celestes.
- * Calcular, aplicando as leis da dinámica e a conservación da enerxía, os principais parámetros dun satélite en órbita circular, a velocidade necesaria para que chegue ó infinito ou estimar con que velocidade debeuse lanzar para alcanzar a órbita.
- * Coñecer os conceptos de campo conservativo e a súa función potencial.
- * Determinar a intensidade e o potencial do campo gravitatorio orixinado por sistemas de masas puntuais ou esféricas e do campo eléctrico orixinado por sistemas de cargas puntuais en repouso. Aplicar o teorema de Gauss para predecir a intensidade do campo eléctrico orixinado polas distribucións continuas de carga estudadas.
- * Calcular os campos creados por correntes, e as forzas que actúan sobre elas ou cargas puntuais no seo de campos magnéticos uniformes, xustificando o fundamento dalgúns aplicacións de interese.

- * Analizar o fenómeno da inducción electromagnética, aplicar a lei de Lenz e a lei de Faraday e establecer os factores dos que depende a corrente xerada nun circuito.
- * Determinar e avaliar os parámetros básicos do oscilador harmónico, analizando as consideracións cinemáticas, dinámicas e enerxéticas que o caracterizan, e aplicalas ao estudo do resorte elástico e do péndulo.
- * Coñecer a función matemática que describe a unha onda harmónica unidimensional. Deducir, a partir dela, os valores das principais magnitudes que interveñen nos fenómenos ondulatorios. Xustificar os fenómenos da reflexión e a refracción aplicando o principio de Huygens.
- * Valorar as explicacións dos modelos ondulatorio e corpuscular sobre a natureza da luz, e interpretar os fenómenos relacionados co seu propagación. Xustificar algúns fenómenos ópticos sinxelos de formación de imaxes por espellos e a través de lentes delgadas e relacionalos con sistemas ópticos de interese, valorando as súas aplicacións médicas e tecnolóxicas.
- * Analizar as bases experimentais e teóricas, discrepantes coa física clásica, que levaron ao rexurdimento da física moderna. Coñecer os seus principais conceptos: dualidade onda-corpúsculo, principio de incerteza, cuantización da enerxía e relación entre masa e enerxía. Aplicalos á resolución de problemas e cuestións.
- * Predecir a enerxía de enlace e o defecto máxico de núcleos atómicos. Comprender as reaccións nucleares de desintegración, fisión e fusión; e calcular a enerxía e variación de masa asociadas a tales procesos. Analizar as súas principais aplicacións tecnolóxicas e explicar fenómenos naturais relacionados con eles.
- * Aplicar os coñecementos da física á realización adecuada das actividades experimentais propostas ao longo do curso.

TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaliación: Temas 0.I, II, III

2ª Avaliación: Temas IV, V, VI, VII

3ª Avaliación: Tema VIII, IX, X

AVALIACIÓN

A Cualificación final obterase do resultado da media aritmética das tres avaliacións. Cada avaliación poderá compensar coas outras sempre que a cualificación supere os 3,5 puntos. Unha por trimestre con recuperación a o longo do curso dependendo das datas de a avaliación previstas. Realizaranse sempre que fora posible dentro dos dez días naturais antes dea data de avaliación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Remitíndonos os do currículo:

1. Familiarizarse coas características básicas do traballo científico, valorando as súas posibles repercusións e implicacións ciencia-tecnoloxía-sociedade-medio natural. Trátase de avaliar se o alumnado analiza situación se obtén información sobre fenómenos físico utilizando as estratexias básicas do traballo científico tanto na comprensión de conceptos como na resolución de problemas e nos traballos experimentais. No marco destas estratexias debe valorarse a competencia dixital. Este criterio debe ser avaliado en relación co resto dos criterios, para o que se precisan actividades que inclúan o interese das situacións, análises cualitativas, emisión de hipóteses fundamentadas, elaboración de estratexias, realización de experiencias en condicións controladas e reproducibles, análise de datos de resultados, representacións gráficas implicacións CSTA do estudo realizado (posibles aplicacións, transformacións sociais, repercusións positivas e negativas), toma de decisións, actividades de síntese e de comunicación tendo en conta o papel da historia da ciencia.

2. Interpretar as leis de Kepler e valorar a importancia da lei de gravitación universal para aplicalas

á resolución de situacións de interese como a determinación de masas de corpos celestes, o tratamento

da gravidade terrestre e a análise do movemento de planetas e satélites. Comprobarase se o alumnado aplica as leis de Kepler para a explicación das órbitas dos astros, valora a importancia da lei de gravitación universal na unificación da dinámica terrestre e celeste e as súas repercusións tanto teóricas (nas ideas sobre o universo) coma prácticas (nos satélites artificiais). Débese constatar que as alumnas e os alumnos comprenden e distinguen os conceptos que describen a interacción gravitatoria (campo, enerxía e forza) e que saben aplicalos en diferentes situacións.

3. Construír un modelo teórico que permita explicar as vibracións da materia e a súa propagación (ondas) para aplicalo á interpretación de diferentes fenómenos naturais e desenvolvementos tecnolóxicos.

Comprobarase se o alumnado aplica os conceptos relacionados co movemento harmónico simple e o movemento ondulatorio a diferentes situacións, incluíndo montaxes experimentais. Así mesmo, preténdese valorar se asocia o que percibe co modelo teórico, como por exemplo a intensidade coa amplitude ou o ton coa frecuencia. Avaliarase se sabe deducir os valores das magnitudes características dunha onda a partir dunha ecuación e viceversa, explicar cuantitativamente algunhas propiedades das ondas como a reflexión e a refracción e cualitativamente outras como interferencias, resonancia, difracción, efecto Doppler e aspectos enerxéticos (atenuación, absorción e amortecemento). Tamén se comprobará se o alumnado coñece os efectos da contaminación acústica na saúde, algunhas das principais aplicacións tecnolóxicas das ondas e a súa influencia nas condicións de vida e no medio natural. 4. Utilizar os modelos corpuscular e ondulatorio para explicar as distintas propiedades da luz. Trátase de avaliar se o alumnado coñece o debate

histórico sobre a natureza da luz. Débese comprobar se é quen de interpretar, utilizando un modelo de raios, a formación de imaxes obtidas experimentalmente con lentes delgadas, con espellos cóncavos e No marco destas estratexias debe valorarse a competencia dixital. Este criterio debe ser avaliado en relación co resto dos criterios, para o que se precisan actividades que inclúan o interese das situacións, análises cualitativas, emisión de hipóteses fundamentadas, elaboración de estratexias, realización de experiencias en condicións controladas e reproducibles, análise detida de resultados, representacións gráficas, implicacións CSTA do estudo realizado (posibles aplicacións, transformacións sociais, repercusións positivas e negativas), toma de decisións, actividades de síntese e de comunicación; tendo en conta o papel da historia da ciencia.

4. Utilizar os modelos corpuscular e ondulatorio para explicar as distintas propiedades da luz. Trátase de avaliar se o alumnado coñece o debate histórico sobre a natureza da luz. Débese comprobar se é quen de interpretar, utilizando un modelo de raios, a formación de imaxes obtidas experimentalmente con lentes delgadas, con espellos cóncavos e convexos e os procedentes dunha cámara escura. Tamén se valorará a capacidade do alumnado para construír algún instrumento óptico sinxelo e se comprende as numerosas aplicacións da óptica na nosa sociedade.

5. Usar os conceptos de campo eléctrico e magnético para superar as dificultades que presenta a interacción á distancia e comprender a relación entre electricidade e magnetismo que levou a establecer a interacción electromagnética. Con este criterio preténdese comprobar se os estudantes son capaces de determinar os campos eléctricos e magnéticos creados por cargas puntuais (unha ou dúas) e correntes rectilíneas, de recoñecer as forzas que exercen os ditos campos sobre outras cargas ou correntes, así como de xustificar o fundamento dalgunhas aplicacións prácticas: electroimáns, motores, instrumentos de medida, impresoras ou aceleradores de partículas.

6. Explicar a produción de corrente eléctrica mediante variacións do fluxo magnético e a súa aplicación na obtención de enerxía eléctrica, así como a predición de ondas electromagnéticas a partir da síntese de Maxwell e a integración da óptica no electromagnetismo. Trátase de avaliar se o alumnado comprende a indución electromagnética e utiliza a síntese de Maxwell para explicar a orixe do espectro da luz (das ondas de radio ata os raios gamma). Tamén se valorará se xustifica criticamente as aplicacións relevantes destes coñecementos e os problemas ambientais e de saúde derivados do uso destas tecnoloxías.. Coñecer a revolución científico-tecnolóxica que deu lugar ao nacemento da física cuántica. Este criterio avaliará se o alumnado comprende que os fotóns e electróns non son ondas nin partículas segundo a noción clásica, senón que teñen un comportamento novo, o cuántico, e que para describilo foi necesario construír un novo corpo de coñecementos que permite unha maior comprensión da materia e do cosmos: a física cuántica. Valorarase, así mesmo, se coñece o grande impulso desta revolución científica ao desenvolvemento tecnolóxico, por exemplo as células fotoeléctricas, os microscopios electrónicos, o láser e a microelectrónica. 8. Utilizar os principios da relatividade especial para explicar unha serie de fenómenos como a dilatación do

tempo, a contracción da lonxitude e a equivalencia masa-enerxía. Preténdese comprobar se o alumnado coñece os postulados de Einstein para superar as limitacións da física clásica, o cambio que supuxo a teoría da relatividade na interpretación dos conceptos de espazo, tempo, cantidade de movemento e enerxía e as súas múltiples implicacións, non só no eido da ciencia, senón tamén noutros ámbitos.

9. Aplicar a equivalencia masa-enerxía para explicar a enerxía de enlace nos núcleos e a súa estabilidade, as reaccións nucleares, a radioactividade e formular elementais interpretacións co modelo de partículas.

Comprobarase se o alumnado é quen de interpretar a estabilidade dos núcleos a partir da enerxía de enlace e os procesos enerxéticos vinculados coa radioactividade e as reaccións nucleares. Ademais, valorarase que utiliza estes coñecementos para comprender e valorar problemas de interese como as aplicacións dos radioisótopos, o armamento e os reactores nucleares, tomando conciencia dos seus riscos e repercusións. Así mesmo, avaliarase se comprende a importancia das investigacións en física de partículas na busca dunha teoría unificada das interaccións fundamentais e dunha explicación da orixe e evolución do Universo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARTICULARIZADOS Á PRESENTACIÓN DA MATERIA

- Utilizar os procedementos apropiados na resolución de problemas de tipo físico. Interpretar os resultados obtidos e expresalos empregando as unidades e número de cifras significativas adecuados.
 - * Determinar e avaliar os parámetros básicos do oscilador harmónico, analizando as consideracións cinemáticas, dinámicas e enerxéticas que o caracterizan, e aplicarlas ao estudo do resorte elástico e do péndulo.
 - * Coñecer a función matemática que describe a unha onda harmónica unidimensional. Deducir, a partir dela, os valores das principais magnitudes que interveñen nos fenómenos ondulatorios. Xustificar os fenómenos da reflexión e a refracción aplicando o principio de Huygens.
 - * Valorar as explicacións dos modelos ondulatorio e corpuscular sobre a natureza da luz, e interpretar os fenómenos relacionados coa súa propagación.
 - * Xustificar algúns fenómenos ópticos sinxelos de formación de imaxes por espellos e a través de lentes delgadas e relacionalos con sistemas ópticos de interese, valorando as súas aplicacións médicas e tecnolóxicas.
 - * Comprender e aplicar as leis de Kepler para calcular diversos parámetros relacionados con movemento dos planetas. Utilizar a lei da gravitación universal para determinar características gravitacionais da Terra e dalgúns corpos celestes.
 - * Calcular, aplicando as leis da dinámica e a conservación da enerxía, os principais parámetros dun satélite en órbita circular, a velocidade necesaria para que chegue ó infinito ou estimar con que velocidade debeuse lanzar para alcanzar a órbita.

- * Coñecer os conceptos de campo conservativo e á súa función potencial.
 - * Determinar a intensidade e o potencial do campo gravitatorio orixinado por sistemas de masas puntuais ou esféricas e do campo eléctrico orixinado por sistemas de cargas puntuais en repouso. Aplicar o teorema de Gauss para predecir a intensidade do campo eléctrico orixinado polas distribucións continuas de carga estudadas.
 - * Calcular os campos creados por correntes, e as forzas que actúan sobre elas ou cargas puntuais no seo de campos magnéticos uniformes, xustificando o fundamento dalgunhas aplicacións de interese.
 - * Analizar o fenómeno de la. Inducción electromagnética, aplicar a lei de Lenz e a lei de Faraday e establecer os factores dos que depende a corrente xerada nun circuíto.
 - * Analizar as bases experimentais e teóricas, discrepantes coa física clásica, que levaron ao rexurdimento da física moderna. Conectar os seus principais conceptos: dualidade onda-corpúsculo, principio de incerteza, cuantización da enerxía e relación entre masa e enerxía. Aplicalos á resolución de problemas e cuestións.
 - * Predecir a enerxía de enlace e o defecto máxico de núcleos atómicos.
 - * Comprender as reaccións nucleares de desintegración, fisión e fusión; e calcular a enerxía e variación de masa asociadas a tales procesos. Analizar as súas principais aplicacións tecnolóxicas e explicar fenómenos naturais relacionados con eles.
 - * Aplicar os coñecementos da física á realización adecuada das actividades experimentais propostas ao longo do curso.
- Analizar as interrelacións que nos contidos deste curso danse entre a ciencia, a tecnoloxía e a sociedade.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

11. Para os conceptos e os procedementos.

Procedementos	Instrumentos de avaliación
Probas escritas	<ul style="list-style-type: none"> • Análise e comentario de textos • Desenvolvemento dun tema • Resolución de exercicios • Resolución de casos prácticos • Resolución de problemas • Resolución de cuestións das PAAU ou elaboradas na propia aula
	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición dun tema • Resposta a preguntas • Lectura expresiva

Probas orais	
Traballos individuais.	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos de investigación, • ... de análise, • ... de síntese,. • Realización das prácticas previstas nas PAAU • Consulta de páxinas web de física
Traballos en grupo	
Traballo na aula	<ul style="list-style-type: none"> • Listas de control • Escalas de estimación • Caderno do alumno/a

12. Para as actitudes

Procedementos	Instrumentos de avaliación
Observación sistemática e rexistro	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionarios • Listas de control • Escalas de estimación verbais ou numéricas. • Caderno do alumno/a

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN:

Os exames de avaliación consistirán en casos prácticos e cuestións do mesmo tipo dos da selectividade. Co Indico mais arriba o resultado final da nota é o resultado da media aritmética de as cualificacións das diferentes avaliacións poderanse compensar sempre que a cualificación non resulte inferior a 3,5puntos

O exame de selectividade condiona á primacía de conceptos e procedementos, ademais nestes niveis de bacharelato detectamos, en xeral actitudes positivas

90% Conceptos e procedementos

10% Actitudes

Respecto das actitudes :

O 10 % da cualificación distribúese como sigue:

Restaremos 0,1 punto por cada falta de puntualidade

Restaremos 0,2 puntos por falta non xustificada de asistencia

Restaremos 0,2 puntos por cada vez que os exercicios pospostos, para traballar na casa non estean resoltos..

Respecto os criterios de redondeo aplicaremos os mesmos que para a ESO, coa excepción de que neste caso a nota de actitude ha de ser menor o igual a 0,5 puntos para redondear por defecto e superior a 0,5 puntos para redondear por exceso

No caso de copiar ou utilizar calquera medio de incrementar a cualificación de xeito irregular cualificarase o apartado de coñecementos con cero. E o alumno abandonará o aula.

Enténdese de xeito irregular as transmisións de radiofrecuencia , os textos e fórmulas nos móbiles ou mp3.etc e a tradicional chuleta nas súas diferentes variantes.

Este criterio aplicarase para todas as probas de coñecementos das diferentes avaliacións e recuperacións de pendentés

PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE MATERIAS

Exercicios de recuperación con exercicios suscitados en probas de selectividade dentro do primeiro mes logo de cada avaliación, excepto na última.

A cualificación final do exame de recuperación non superará os 5 puntos , co fin de favorecer a aqueles alumnos que traballan dentro dos prazos que eles mesmos establecen, xa que son eles os que deciden a fecha dos exames de Avaliación

Probas escritas

- Resolución de exercicios
- Resolución de casos prácticos
- Resolución de problemas
- Resolución de cuestións das PAAU ou elaboradas na propia aula

O resultado das probas de recuperación informaráse os alumnos na propia aula.

PLAN DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Física e química 1º BAC

Faremos dous exames durante o curso, un dos temas de química e outro dos temas de física. Para os alumnos que non superen algún deles, farase unha proba extraordinaria en maio

Os alumnos co a física e química pendentes de primeiro o procedemento a seguir e:

Terán que facer dúas probas. Unha na 1ª avaliación dos temas de Química de 1º de BAC e un na 2ª avaliación dos temas de Física. O exame da 1ª avaliación será substituído polo exame do tema 0 de Química 2º de BAC (no caso de aprobalos).

Se supera os dous exames ou saca en calquera deles un 3 ou máis compensando co outro para sacar unha media de 5, aproba a materia.

Se non supera algunha das dúas partes terá que presentarse en maio a unha proba extraordinaria da parte que teña suspensa.

Se suspende en xuño, en setembro terá que superar unha proba de toda a materia

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA SETEMBRO

Consistirá nun exercicio escrito, no que terá que contestar de axeitadamente a o 50% das cuestións teórico prácticas propostas sobre os contidos Mínimos previstos nesta programación.

PLAN EXTRAORDINARIO DE AVALIACIÓN PARA ALUMNOS/AS QUE PERDAN O DEREITO A AVALIACIÓN CONTINUA (Só en Bacharelato)

Realizarase un exercicio escrito por avaliacións ó final de curso. No que e preciso contestar correctamente o 50% das cuestións teórico-prácticas de cada avaliación propostas.

MÉTODOS PEDAGÓGICOS

Consiste fundamentalmente na exposición oral dos temas e a resolución de supostos prácticos así como a realización das prácticas modelo para selectividade con apoio do material didáctico do Dpto., libros, transparencias, diapositivas equipos de física (Optica, Mecánica, Electricidade) e visualizacións de vídeo. etc etc..

Na actualidade poden baixar da rede os apuntes de física do Departamento na páxina www.miraralcielo.com

As exposicións teóricas efectuaranse mediante o procedemento Power Point servindo de pantalla de proxección a cúpula do planetario. O a TV do laboratorio.

Farase unha primeira lectura comentada da diapositiva exposta onde se solicitará os alumnos a interpretación personalizada do texto exposto. A continuación faremos unha interpretación global relacionado os conceptos novos cos xa adquiridos , detectando o seu seguimento. Neles deben expresarse correctamente utilizando a terminoloxía científica axeitada. Procurarase atención personalizada sempre que isto sexa posible; xa que o programa é bastante apertado.

Cada avaliación, resolveranse exercicios e cuestións das paau o dos exercicios propostos pola CIUGA das anteriores avaliacións a medida co curso avance, coa finalidade de que no final de curso leven o día os coñecementos de todas as avaliacións

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

(Libro de texto, material inventariable, outro materia especificar)

LIBRO DE TEXTO	Título do libro	Apuntes de Física 2º BAC
	Editorial	Circulo recreativo Saviñao
	Autor	Antonio Matías Vázquez Yáñez
	Data autorización	Maio 2007
	ISBN	978-84-690-9822-6

Canón de video, ordenador portátil, planetario como pantalla de proxección, conexión a internet pág www.miraralcielo.com. E diversas páxinas web das editoriais e do MEC (CNICE).

Como indico mais arriba o libro, de texto pódese baixar de internet na páxina mencionada.

PRÁCTICAS E MATERIAL UTILIZADO NELAS

FÍSICA

Prácticas de 2º de Bac;

1 PÉNDULO SIMPLE

-

INTRODUCCIÓN

Un péndulo simple é un punto material suspendido dun fío ideal (inextensible e sen masa), que oscila nun plano sen rozamento.

Sabemos que a condición necesaria e suficiente para que un movemento sexa harmónico simple é que proceda dunha forza do tipo: $F = -m\omega^2 x$ ($= -kx$)

Para pequenas amplitudes de oscilación, o movemento do péndulo pódese considerar harmónico simple.

Aplicando as consideracións teóricas oportunas chégase a calcula-lo período de oscilación do péndulo como:

$$T = 2\pi \sqrt{\frac{l}{g}}$$

OBJECTIVOS

- Analiza-los factores dos que depende o período T.
- Determina-la aceleración da gravidade no laboratorio.
- Discuti-los datos obtidos no cálculo de "g".

MATERIAL UTILIZADO

- Soporte de dobre noz e variña con gancho ou mordaza
- Bolas de aceiro de diferentes masas
- Fío inextensible e de masa desprezable
- Cronómetro

- Círculo perforado e graduado
- Felxómetro
- Calibre

2. ESTUDIO ESTÁTICO DO RESORTE ELÁSTICO

INTRODUCCIÓN

O estudo das características dun resorte pode facerse por dous métodos: considerando a estática do mesmo, polo equilibrio de forzas, analizando a forza de restitución, e de xeito dinámico, estudiando o seu período.

O estudo dun resorte polo método estático baséase en ve-lo alongamento que responde a unha certa carga ou forza exercida para estirallo. A experiencia realizada normalmente consiste en que se lle colguen pesos (en troques de exercerse unha forza na horizontal, por exemplo) polo fácil manexo que se pode ter destes. Así, consideraremos os pesos que se colgan, e teremos como única teoría aplicada a lei de proporcionalidade entre forza e deformación elástica, coñecida como lei de Hooke:

$$F = kx$$

Onde F é a forza exercida (o peso colgado), x é o aumento de lonxitude que sofre o resorte e k é unha constante de proporcionalidade que se segue de xeito moi aproximado para os corpos sólidos ata un certo límite que depende do material co que esteamos a tratar. O resorte mantense en equilibrio porque fai unha forza igual e de sentido contrario á anterior, a forza de restitución ou recuperación.

Ó facer as medicións, F e x son medibles, e debemos obter k, valor característico do resorte e que poderemos comparar co obtido polo método dinámico.

OBJECTIVOS

- Verifica-lo cumprimento da lei de Hooke e determina-la constante elástica dun resorte polo método "estático".
- Analiza-los factores que inflúen na determinación da constante elástica por este método.
- Revisa-lo tratamento dos datos experimentais e as representacións gráficas de resultados.

MATERIAL UTILIZADO :

- Soporte de dobre noz e variña
- Portapesas
- Xogo de pesas
- Resortes de aceiro(2)
- Vara de medir ou felxómetro
- Cornómetro

3. ESTUDIO DINÁMICO DO RESORTE ELÁSTICO

INTRODUCCIÓN

Nesta práctica do resorte estúdase este como antagonista dinámico dunha forza que se fai para estirallo. Neste caso, o que se estudia é o período que se obtén ó estirallo cunha forza adicional ó ter unha masa colgada.

O resultado é un movemento oscilatorio amortecido, con período constante e do que non considerámo-lo propio amortecemento nunha situación ideal.

$$T = 2\pi\sqrt{\frac{m}{k}}$$

A consideración de forzas nun momento dado leva a $F = m \cdot a$, ou, o que é o mesmo, $F = m \cdot d^2x/dt^2$ (segunda lei de Newton) ecuación diferencial que, resolvéndoa, fai que o teñán a relación:

Onde T é o período, m a masa da carga e k a constante do resorte.

OBJECTIVOS

- Determina-la constante elástica a partir das oscilacións do resorte polo "método dinámico".
- Compara-lo valor da constante elástica obtida por este método co valor obtido mediante o método "estático".
- Analiza-las características do movemento de oscilación vertical dun resorte baixo a acción dunha masa suspendida.
- Revisa-lo tratamento dos datos experimentais e as representacións gráficas de resultados.

MATERIAL UTILIZADO :

- Soporte de dobre noz e variña
- Portapesas

- Xogo de pesas
- Resortes de aceiro(2)
- Vara de medir ou felxómetro
- Cronómetro

...

4. LENTES CONVERXENTES

-

INTRODUCCIÓN

A óptica é útil: é o descubrimento das reviravoltas dun dos nosos sentidos. Esta práctica reproduce o funcionamento dos nosos ollos cun xeito estilizado.

A base teórica para tratar esta experiencia vén dada pola relación entre a focal da lente e a distancia a que se recolle a orixe e se forma a imaxe, expresable de dúas formas. En particular,

$$\frac{1}{s} + \frac{1}{s'} = \frac{1}{f}$$

ou, a expresión equivalente,

$$x \cdot x' = f^2$$

As anteriores complementáanse coa relación que nos dá o aumento de tamaño da imaxe en relación á orixe:

$$\frac{f}{x} = \frac{x'}{f} = \frac{y'}{y}$$

Nas anteriores expresións, s é a distancia entre orixe e lente, s' a distancia entre lente e imaxe, f a distancia focal da lente (a mesma para o foco orixe que para o foco imaxe), x a distancia entre a orixe e o foco orixe e x' a distancia entre foco imaxe e o plano da imaxe. y é unha medida entre dous puntos da orixe e y' a distancia entre os dous puntos imaxe dos anteriores. O cociente entre ambas medidas dáno-lo aumento que sofre a imaxe respecto á orixe (o signo debera ser negativo, pero a relación, deducida xeométricamente, só ten conta distancias, non variacións de posicións).

OBXECTIVOS

- Comprobar experimentalmente o mecanismo de formación de imaxes cunha lente converxente.
- Identificar no laboratorio, os conceptos básicos da óptica xeométrica: lentes, imaxes reais e virtuais, focos, aumentos...
- Calcula-la distancia focal dunha lente converxente empregando a fórmula gaussiana das lentes.
- Estudia-la posición, natureza e tamaño da imaxe en función da distancia entre obxecto e lente.

MATERIAL UTILIZADO:

- Banco de Óptica
- Fonte de luz
- Lentes converxentes
- Figura en 1
- Pantalla
- Soportes de lentes

Regra de medir ou flexómetro

TEMAS TRANSVERSAIS

Educación vial (movemento, dinámica)
Educación para a saúde (ondas, óptica, nuclear, electromagnetismo)
Educación para a paz (nuclear)
Para a convivencia (traballo diario no aula)
Para a saúde (nuclear)
Non sexista orientada á actuación no aula

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

No bacharelato os alumnos, responden a un perfil máis uniforme que na ESO polo que a actuación individualizada resulta máis ocasional, aínda que sempre se practica a petición do alumno. De calquera modo a forma de actuación remítese á de cursos anteriores.

TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

O procedemento se desprende da propia metodoloxía, e fomento a lectura baseándose en que o espazo en Power Point na TV ou na Pantalla lese de xeito

compreensivo desenrolando os conceptos expostos, coa finalidade de facer mais comprensivo o texto

TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Ademais da Páxina web www.miraralcielo.com fomento o traballo con o proxecto Newton do CNICE www.cnice.mec.es e coas páxinas web das editoriais

CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Remitíndome á memoria de fin de curso, e tendo en conta que este curso 11/12, temos dous terceiros, considero axeitada a programación pois os resultados son, en cuanto á materia impartida, e porcentaxe de alumnos que superan a materia

6- AVALIACION DA PROGRAMACIÓN				
CURSO e grupo	Profesor Titular / substituto	% materia impartida	Incumplimentos destacados da programación	Observacións
2ºBAC F	Matías Vázquez	100%	Nada que destacar	83,33% de alumnos que superaron al materia , contando abandonos

En calquera caso, o finalizar o curso, nunca reunión de departamento, analizaremos os resultados e discutiremos os posibles cambios en a programación cara o curso seguinte.

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Ó ALUMNADO:

A PRESENTACIÓN DA MATERIA , CON INFORMACIÓN RELATIVA A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA (OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DA AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN, PROCEDIMENTOS E MÍNIMOS EXIXIBLES) ESTA A DISPOSICIÓN DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA NA WEB DO CENTRO. DESTE FEITO SON INFORMADOS OS ALUMNOS E PAIS NAS RESPECTIVAS GUÍAS

PROCEDIMIENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS DAS MATERIAS QUE ASÍ O PRECISEN (SÓ 2º BAC)

Se algún alumno non cursou a materia de física e química en 1º de BAC, seguirase o procedemento seguinte

A espera do procedemento que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 23 Xuño 2008) o procedemento de acreditación será:

- Unha proba que consistirá en avaliar os contidos mínimos de 4º de ESO
- Unha entrevista persoal con eles e os seus pais ou titores, comprobando o interese por a materia, explicándolle as dificultades que van atopar, advertíndolles que precisan os coñecementos de física e química de 1º de BAC, valorando os resultados da proba.

A finalidade é a de non descartar de antemán a ningún dos alumnos que teñan interese por a materia.

Fdo :

Matías Vázquez

Fdo:

Celso Campo